

## CONVOCATORIA DE MATRÍCULA PARA O PAS NOS CURSOS DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)

### CAMPUS DE SANTIAGO E LUGO – curso académico 2023-2024

A Universidade de Santiago de Compostela convoca para o 1º semestre do curso 2023-2024 os **curtos do Centro de Lingua Modernas nos campus Santiago e Lugo** como servizo de apoio complementario á educación universitaria, de conformidade coas seguintes

#### BASES

##### 1.- CURSOS OFERTADOS

Cursos anuais regulares, semi-presenciais e semi-intensivos de inglés, Campus Santiago.

Cursos semestrais de lingua alemá, francesa, italiana, inglesa e portuguesa no Campus Santiago.

Cursos semestrais de lingua alemá, francesa, inglesa e portuguesa no Campus Lugo.

Sesiós de conversa en inglés e francés, niveis intermedio e/ou avanzado, Campus Santiago / Lugo. As sesiós terán un regulamento propio publicado no enderezo <https://www.usc.gal/gl/servizos/clm>

##### 2.- TEST DE NIVEL (Test clasificatorio)

As persoas interesadas en cursar estudos nunha lingua da cal posúan coñecementos previos e non aprobaron un determinado nivel da dita lingua durante dous anos anteriores no CLM ou na EOI, terán que facer un test de nivel.

Segundo o idioma, a realización do test poderá ser **presencial ou en liña**.

O **test de nivel en liña** pode facerse durante o período da matrícula segundo o acordo co profesorado. As candidatas e os candidatos recibirán unha ligazón do **test en liña** por correo electrónico despois de realizar a inscrición e avisar a través do correo electrónico indicado na plataforma.

A inscrición no test clasificatorio de nivel presencial / en liña farase por Internet dende a secretaría virtual da USC á que se pode acceder dende a páxina web do CLM <<http://www.usc.gal/clm>>.

O nivel resultante no test non acredita o nivel correspondente segundo o MECRL acadado, a diferenza do curso aprobado.

Os resultados do test serán accesibles dende a mesma páxina na que se realiza a inscrición.

##### 2.1.- CALENDARIOS DO TEST DE NIVEL.- (Campus Santiago e Lugo)

Os detalles sobre os Test de nivelación recóllese no **ANEXO** final, aínda que poderán sufrir cambios por motivos de organización.

##### 3.- MATRÍCULA

###### 3.1. Requisitos da matrícula

Páxina 1

3.1.1. A matrícula nun curso de nivel inicial non non esixe o test de nivel previo.

3.1.2. Todas as persoas que teñen coñecementos previos do idioma que queren estudar terán que facer o test de nivel previo á matrícula.

3.1.3. As persoas que aprobaron no ano anterior un nivel segundo o MECRL na EOI poderán matricularse directamente no curso inmediatamente superior, sen faceren o test de nivel. Deben contactar co CLM [clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal) para solicitar a autorización da súa matrícula.

3.1.4. As persoas que aprobaron no ano anterior un nivel segundo o MECRL no CLM poderán matricularse directamente no curso inmediatamente superior, sen faceren o test de nivel.

3.1.5. As persoas que aprobaron hai dous anos, un nivel segundo o MECRL no CLM poderán matricularse directamente no curso inmediatamente superior, sen faceren o test de nivel, sempre que avisen no enderezo CLM <[clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal)> para solicitar a autorización da súa matrícula.

3.1.6. A admisión aos cursos pode estar suxeita a autorización do profesorado atendendo aos criterios de homoxeneidade de nivel dos participantes.

### **3.2. Prezos. Subvención e exención do pagamento da matrícula.**

3.2.1. A USC financiará no curso 2023-2024 ao PAS, con cargo ao seu Plan de Formación, unha única acción formativa por persoa, anual ou fraccionada por semestres, de lingua inglesa, francesa, alemá, italiana e portuguesa sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- 1) Non se financian as repeticións de nivel, agás casos excepcionais e debidamente xustificados. Se vai estudar a **mesma lingua** ca en anos anteriores, terá que matricularse nun **nivel superior, agás nos cursos de práctica de destrezas específicas**.
- 2) Só se financiará a matrícula nunha nova lingua cando se obteña un nivel do MECRL na cursada anteriormente.
- 3) No caso de realizar dous cursos semestrais, terán que ser de niveis sucesivos ou de linguas distintas.
- 4) A asistencia ao/s curso/s será como mínimo o 80% das horas totais do/s curso/s.
- 5) O abandono, agás causa de forza maior acreditada ou a non superación da acción formativa, supón que o alumnado debe devolver o importe da matrícula.

O non cumprimento das condicións esixidas causará a anulación do dereito á exención da matrícula.

No caso de recibir máis solicitudes que prazas dispoñibles, en función das posibilidades do CLM, no PAS terán prioridade as solicitudes de persoal en postos con requisito de coñecemento de idiomas estranxeiros e, de ser o caso, en función da data de solicitude.

3.2.2. O persoal contratado con cargo a programas, proxectos, contratos de investigación ou a estudos propios da USC non ten dereito á exención do pagamento íntegro da matrícula, senón, ten dereito á mesma subvención parcial como toda a comunidade universitaria da USC en todas as accións formativas lingüísticas de linguas estranxeiras que convoca o CLM da USC durante o curso 2023-2024 e que non entran no presente PLAN DE FORMACIÓN DE PAS e que teñen prezos diferenciados a) para a comunidade universitaria da USC e b) para persoas externas.

### 3.3. Procedemento de formalización da matrícula

A matrícula farase por Internet dende a páxina web do CLM: <http://www.usc.gal/clm>.

Cando se preme na opción “Matrícula por internet”, preséntase unha pantalla como a seguinte, que permite a validación tanto para usuarios que teñen un expediente na USC (Secretaría Virtual do alumnado), como para os que non a teñen. (Estes últimos deberán empregar o documento de identificación e un contrasinal para validarse no sistema. Este contrasinal debe ser creado e lembrado para poder volver a acceder ao sistema.)




The screenshot shows a registration form for the USC Modern Language Centre (CLM). It has two main sections highlighted by red circles:

- Identificación de Usuario@** (Validation with expediente): This section is for users with an account. It includes fields for "Documento de identificación" (NIF, NIE, or Passport) and "Contraseña". A note says: "Os usuarios introducirán o documento de identificación (NIF, NIE, pasaporte...) e o contrasinal." A red arrow points from this section to the text "Validación con expediente".
- SOLICITUDE DA TARXETA UNIVERSITARIA DE IDENTIDADE (TUI)** (Validation without expediente): This section is for new users. It includes fields for "DNI (con letra)" and "Contraseña". A note says: "Se és alumno do CLM, e intentas matricularnos nos cursos de español, debes introducir o documento e a clave que introduxiste ó inscribirte na proba de nivel, se non a fixeaste, introduce o teu documento e un contrasinal novo." A red arrow points from this section to the text "Validación sin expediente".

O PAS que teña dereito á exención dos prezos da matrícula, ten que seleccionar a opción “CLM: PAS da USC (con cargo ao seu Plan de Formación)”, na lista de “Descontos aplicables”.

O PAS que queira realizar cursos de linguas estranxeiras adicionais ao financiado pola USC poderá escoller a exención “CLM: Estudiantes da USC e membros da comunidade universitaria” e aboar o prezo de matrícula indicado.



This screenshot shows the payment selection screen. It includes the following fields:

- Modalidade de pagamento:** Efectivo (Payment method: Cash)
- Prezo da actividade:** 350,00 € (Activity price: 350,00 €)
- Descontos aplicables:** A dropdown menu with options: Seleccióna o/s desconto/s ao/s que teñas dereito segundo a túa situación, sempre e cando cumbras cos requisitos esixidos. (Select the discount/s applicable to your situation, always and provided you meet the requirements.)
- Exencións CLM:** A dropdown menu with options: CLM: Estudiantes da USC e membros da comunidade universitaria (CLM: Students of USC and members of the university community) and CLM: PAS da USC (con cargo ao seu Plan de Formación) (CLM: PAS of USC (with charge to their Training Plan)).
- Tarifas de secretariado:** A dropdown menu with options: CLM: Estudiantes da USC e membros da comunidade universitaria (CLM: Students of USC and members of the university community) and CLM: PAS da USC (con cargo ao seu Plan de Formación) (CLM: PAS of USC (with charge to their Training Plan)).

De cara á aplicación da exención, a identidade dos membros da comunidade universitaria será comprobada pola USC. Anularase a matrícula do persoal da USC que non pertenza aos colectivos con dereitos a exención tal e como consta na convocatoria presente.

Se teñen dúbidas sobre a pertenza ou non ao colectivo con exención de matrícula, diríxanse ao Servizo de Planificación e Programación de PAS.

Haberá un prazo de dez días hábiles dende a data de pagamento / formalización da matrícula (no caso de ter dereito á matrícula de balde), para solicitar a súa anulación e devolución do importe aboadado, segundo cada caso.

No caso de teren problemas coa matrícula en liña deben remitir unha incidencia ao enderezo do Centro de atención aos usuarios da USC <[cau@usc.es](mailto:cau@usc.es)> e seguir as indicacións recibidas.

### 3.4.- Calendarios da matrícula e dos cursos (Campus Santiago e Lugo)

Os detalles sobre as datas de Matrícula recóllense no **ANEXO** final, aínda que poderán sufrir cambios por motivos de organización.

## 4.- RÉXIME DE ASISTENCIA E NÚMERO DE PERSOAS POR AULA

Se un alumno ou alumna matriculados e con praza nun grupo determinado tivese máis dun 50% de faltas inxustificadas durante o primeiro mes (ou a quinta parte inicial) do curso, poderá quedar sen praza nese grupo, pero terá dereito a solicitar o reingreso en calquera grupo do mesmo nivel que se inicie con posterioridade dentro do mesmo curso académico, de haber prazas libres.

Os alumnos e alumnas que non asistan ao 80% das sesións de clase non terán dereito a ser avaliados.

O número máximo de persoas por aula presencial son 15 e profesor/a. Por causa forza maior derivada da situación sanitaria, a maneira de impartir as clases presenciais poderá variar.

## 5.- AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN

Cada curso convocado polo Centro de Linguas Modernas (CLM) terá unha única convocatoria de exame final.

Os alumnos e alumnas que non cumplisen os requisitos mínimos marcados, que serán o cumprimento do 70% dos contidos programados para cada nivel e a avaliação positiva dos exames, **non** terán dereito a un certificado de aprobación.

Todas as persoas que cumplan os requisitos mínimos de avaliação e asistencia poderán obter o certificado da Universidade de Santiago de Compostela que acredeite a denominación do curso, a cualificación cualitativa (aprobado, notable, sobresaliente, matrícula de honra) e a correspondente numérica, a súa duración en horas presenciais e de traballo autónomo titorizado, o curso académico, o tipo do curso (intensivo, semestral, anual), a modalidade do curso (presencial, en liña, etc.), o nivel MECRL si se da o caso e o nome e DNI/número de identificación persoal do/da estudiante.

As certificacións serán emitidas en galego, en español e en inglés con selo de órgano e código seguro de verificación e cada alumno/a descargará a súa certificación da Secretaría Virtual.

## 6.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A solicitude de praza nos cursos do CLM suporá a aceptación incondicional destas bases.

## 7.- MÁIS INFORMACIÓN

CLM da USC no CAMPUS DE SANTIAGO  
Avda. das Ciencias 7, 1º  
Campus Vida – Santiago de Compostela  
Tel.: 8818 14443  
Correo electrónico: clm@usc.gal

CLM da USC no CAMPUS DE LUGO  
Facultade de Humanidades,  
Aulario CLM  
Tel.: 982824606  
Correo electrónico: clm@usc.gal

## 8.- IMPUGNACIÓN

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O REITOR  
P. D. de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG 26 abril 2022)  
O XERENTE  
Antonio Javier Ferreira Fernández

## ANEXO

### 1 Cursos no Campus Santiago

Lingua / Nome do curso	Nivel MECRL	Horas	Número de grupos	Número de prazas	Inscrição no Test de nivel Realización do Test	Prazo de matrícula	Calendario das clases
Ingles anual Semipresencial	B2.1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15	Ata 25/9  1º T: 13/9 -19:00h 2º T: 18/9 –16:00h 3ºT: 21/9-11:00h 4º T: 26/9-19:15h	Ata 25-26/9	27/9 e 28/9 7-8/05/2024
Ingles anual Semipresencial	B2	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		Ata 25-26/9	27/9 e 28/9 7-8/05/2024
Ingles anual Presencial	C1.1	100: 80h presenciais e 20h de traballo autónomo	1	15		Ata 25-26/9	27/9 e 28/9 7-8/05/2024
Ingles anual Semipresencial	C1.1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	2	30		Ata 25-26/9	27/9 e 28/9 7-8/05/2024
Ingles anual Semipresencial	C1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		Ata 25-26/9	27/9 e 28/9 7-8/05/2024
Ingles anual presencial	C2.1	100: 80h presenciais e 20h de traballo autónomo	1	15		Ata 25-26/9	27/9 e 28/9 7-8/05/2024
Ingles anual Semipresencial	C2.1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		Ata 25-26/9	27/9 e 28/9 7-8/05/2024
Inglés semestral presencial semiintensivo	B1 B2.1 B2 C1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1 1 1 1	15 15 15 15		Ata 18-19/9	20-21/9/23 10-11/1/24
Speaking and Listening Skills	B1-B2.1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	1º T: 13/9 -19:00h 2º T: 18/9 –16:00h 3ºT: 21/9-11:00h 4º T: 26/9-19:15h	Ata 18-19/9	20-21/9/23 10-11/1/24

Intermediate – semestral							
Alemán semestral	A1.1 A1 A2.1.1 B1.1.1 B1.1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	2 1 1 1 1	30 15 15 15 15	A1.1 non precisa T de nivel Ata o 14/9  1º T: 13/9 – 16:00h 2º T: 14/9 – 11:00h 3º en liña 1/9-18/9	Ata 18-19/9	20-21/9/23 10-11/1/24
Francés semestral	A1 A2.1 B1.1 B1 B2.1.1 C1.1.1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1 2 1 1 1 1	15 30 15 15 15 15	Ata o 15/9  1º T: 14/9 2º T: 15/9	Ata 18-19/9	20-21/9/23 10-11/1/24
Italiano semestral	A2.1 B1.1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo (sesións de 1h e 45 min)	5 1	65 15	A2.1 non precisa T de nivel Ata o 14/9  1º T: 14/9: 11h 2º T: 14/9: 17h	Ata 18-19/9	18 -19/9 19-20/12/23
Portugués semestral	A2 B1.1 B1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1 1 1	15 15 15	A2 non precisa T de nivel Ata o 18/09  1º T: 19/09: 16h	Ata 18-19/9	20-21/9/23 10-11/1/24

**2 Cursos do 1º semestre 2023-2024 Campus Lugo**

Lingua / Nome do curso	Nivel MECRL	Horas	Número de grupos	Número de prazas	Inscrição no Test de nivel Realización do Test	Prazo de matrícula	Calendario das clases
Alemán semestral presencial	A2.1.1 A2	40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1 1	15 15	Ata o 14/9 1º T: 13/9 - 11:00h 2º T: 14/9 - 18:00h 3º en liña 1/9-18/9	Ata 18-19/9	20-21/9/23 10-11/1/24
Francés semestral presencial	B1.1 B2.1.2 C.1.2.1	40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1 1 1	15 15 15	Ata o 15/9 1º T: 14/9 - 18:00h 2º T: 15/9 - 9:00h	Ata 18-19/9	20-21/9/23 10-11/1/24
Inglés semestral presencial	B1.1	40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	Ata o 12/09 1º T:12/9 - 11:00h 2º T:12/9 - 17:30h 3º online contactar con a.lopez.rodriguez@usc.es	Ata 18-19/9	20-21/9/23 10-11/1/24
Inglés semestral presencial	B2.1 C1.1	40h presenciais e 60h de traballo autónomo	2 1	30 15		Ata 18-19/9	20-21/9/23 10-11/1/24
Speaking and Listening Skills B2 – semestral semi-intensivo presencial	Speaking and Listening Skills B2	15h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15		Ata 18-19/9	21/9-18/1/24

As actividades recollidas neste Anexo poderán sufrir cambios por motivos da organización.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/07/2023 13:53:16.

CSV: 5923-64E5-4DD5-8D5B